

ACTA Nº 2017/2

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - CASA DO CONCELLO, XOVES 16 DE NOVEMBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 14:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

Manuel Fernandez Munin

ASISTEN:

Maria Del Carmen Botana Cebeiro
Antonio Gonzalez Barral

AUSENCIAS:

Jesus Sanjuas Mera

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Requirimento de limpeza de leiras en Sergude**
- 3. Arquivo expediente de reclamación de contía por danos ocasionados en farol público, no lugar de Rodiño – Sergude**
- 4. Aprobación do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Boqueixón e da avaliación do III Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Boqueixón**
- 5. Aprobación de facturas**
- 6. Licenzas urbanísticas**

- 7. Altas no servizo de abastecemento / saneamento**
- 8. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria de Xunta de Goberno que tivo lugar o día 2 de novembro do 2017.

2.Requirimento de limpeza de leiras en Sergude

Antecedentes

Con data 30 de outubro do 2017 co número de entrada 2348/2017, don C.F.C. presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de maleza das parcelas que están preto da súa vivenda e de outras contiguas coa súa no lugar de Pumares – Sergude. Manifesta que as parcelas con maleza son as 226, 216, 215, 214, 213 e 212 e que o promotor “Río Mao” non realizou a limpeza das mesmas.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, que a titularidade das parcelas número 226,216, 215, 214, 213 e 212, polígono 17, lugar de Pumares - Sergude con abundante maleza, figuran a nome de Inversiones Río Mao SL.

Según informe do técnico municipal de data 10 de novembro do 2017, sinálase que “*En base a unha denuncia de limpeza de maleza de fincas, presentada a instancia con data do 30 de outubro de 2017, con rexistro de entrada nº: 201700000002348, sobre as parcelas nº: 226, 216, 215, 214, 213 e 212, sitas no polígono catastral nº: 17, propiedades catastrais a nome de Inversións Río Mao SL, con NIF nº: B36315836, e con domicilio fiscal en CL Florentino Cuevillas, 10 Pl: 06 - Pt: A (32003 – Ourense);* **INFORMO:**

1º.- Con data do 10 de novembro de 2017, procédese a realizar unha comprobación sobre o estado actual das ditas fincas, e en base á denuncia presentada, pódese constatar o seguinte:

- *As fincas identificadas na denuncia presentada, está clasificadas urbanisticamente como Solo de Núcleo Rural; Ordenanza de Núcleo Común.*
- *Encóntranse con abundante maleza (rebrotos de árbores, toxos, silvas etc..), que se emprazan a carón dos pechos de varias vivendas existentes na zona. A*

vivenda mais próxima emprázase a 4 metros, e outras a 6 e 18 metros da dita maleza.

- *Todo elo provoca risco de incendio para veciñanza máis próxima.*
- *Neste caso aterase ao disposto na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (art. 21 ter.2)*

*Xúntase reportaxe fotográfica da inspección realizada
O que se informa aos efectos oportunos”.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte,** de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

En canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I (Fronosas) deberán gardar unha distancia de 15 metros respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural e con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado.**

- O artigo 21 ter , apdo. 2, sinala que “En solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, salvo aprobación específica de ordenanza municipal ou na falta dela, que poderá elaborarse de conformidade co artigo 16 desta lei.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir o propietario das parcelas do lugar de Pumares – Sergude, números 226, 216, 215, 214, 213 e 212, sitas no polígono nº 17, Inversións Río Mao SL, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente nas citadas parcelas, ata gardar as distancias que se sinalan na lei.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

3.Arquivo expediente de reclamación de contía por danos ocasionados en farol público, no lugar de Rodiño – Sergude

Con data 25 de agosto do 2017 o vehículo-furgoneta, marca CITROEN, modelo Berlingo HDI matrícula xxxxx, impactou contra un farol público na travesía de Rodiño - Sergude, destrozando o mesmo.

O vehículo-furgoneta está asegurado na compañía de seguros Allianz Seguros e Reaseguros SA.

Na Xunta de Goberno do 5 de outubro do 2017 acordouse aprobar a valoración da reposición do farol roto no lugar de na travesía de Rodiño - Sergude , o 25 de agosto do 2017, por importe total de **1.602,46 €**(IVE engadido); comunicar á compañía Allianz Seguros e Reaseguros SA e ó propietario do vehículo-furgoneta, marca Citroen, modelo Berlingo HDI, matrícula xxxxx, Minas de Bandeira SA, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo dos traballos de reposición do farol público, destrozado na travesía de Rodiño - Sergude, por importe total de **1.602,46 €**(IVE engadido). (Número de conta: xxxxx – Abanca) e déuselles trámite de audiencia.

Con data 6 de novembro do 2017, nº de rexistro de entrada 2410/2017, Allianz, seguros e reaseguros SA, en relación co asegurado (Minas de Bandeira SA) e o vehículo xxxxx, sinalan que en relación co sinistro referenciado (farola rota Travesía de Rodiño – Sergude) que tivo lugar o 25 de agosto do 2017, procederon coa transferencia á conta bancaria do concello do importe de 1.335,21 euros (IVE engadido).

Estableceron unha depreciación do 20 % de vida útil á farola de 25 anos, antigüidade de 5 anos.

O RD 1777/2004 de 30 de xullo polo que se aproba o regulamento do imposto sobre sociedades fai referencia no seu artigo 2 á “amortización según tablas de amortización oficialmente aprobadas. A depreciación entenderase efectiva cando sexa resultado de aplicar ó prezo de adquisición o coste de produción do elemento patrimonial do inmovilizado algún dos seguintes coeficientes:

b) O coeficiente de amortización lineal que se deriva do período máximo de amortización establecido nas tablas de amortización oficialmente aprobadas.”

O artigo 2.5 sinala que “as tablas de amortización oficialmente aprobadas e as instrucións para a súa aplicación son as que constan no anexo do regulamento.”

Aplicase o anexo a “división 9 outros servizos, agrupación 95, elementos comúns : Instalacións eléctricas, liñas e redes de distribución, centros de transformación e elementos de control, coeficiente lineal máximo 8 e período máximo de anos 25”.

Deste xeito, a diferenza existente entre o total reclamado e o total indemnizado deriva da aplicación do porcentaxe de redución (20 %) en concepto de depreciación, tal e como se desglosa a continuación:

PARTIDAS	PREZO REPOSICION	DEPRECIACIÓN	VALOR DEPRECIADO
-----------------	-------------------------	---------------------	-------------------------

LUMUNARIA VIALIA EVO 40LED 88W T2 CII ADVANCE	641,00 €	20%	512,80 €
COLUMNA TUCAN 6 MTS F. BENITO	455,00 €	20%	364,00 €
Caixa derivación con fusible calibrado	8,42 €	20%	675 €
Hora de traballo oficial	60,81 €	0%	60,81 €
Hora de traballo peón	27,12 €	0%	27,12 €
Hora de taballo camión grúa	132,00 €	0%	132,00 €
SUBTOTAL	1.324,35 €		1.103,48 €
IVE 21%	278,11 €		231,73 €
TOTAL	1.602,46 €		1.335,21 €

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aceptar a porcentaxe de redución do 20 % por aplicación da amortización, tal e como se establece no artigo 2, do RD 1777/2004 de 30 de xullo polo que se aproba o regulamento do imposto sobre sociedades no seu artigo 2 e aceptar o importe ingresado pola compañía de seguros ALLIANZ por un total de 1.335,21 euros.

2. Que montaxes eléctricos Fernández SL proceda coa execución de reposición da luminaria e que remita a correspondente factura.

3. Arquivar o expediente de reclamación de gastos contía polos danos ocasionados no farol público roto en Rodiño – Sergude.

4. Aprobación do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Boqueixón e da avaliación do III Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Boqueixón

Con data 28 de decembro do 2012 aprobouse por Resolución da Alcaldía o III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Boqueixón para o período 2013 – 2017 así como a avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Boqueixón para o período 2009-2012.

O Concello de Boqueixón estableceu o seu III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres para o período 2013-2017, como unha ferramenta técnica de traballo artellada arredor de dous eixos fundamentais de traballo:

- I- A posta en marcha de accións positivas que contribúan a erradicar a discriminación e as desigualdades sociais que aínda sofren as mulleres do Concello.
- II- O desenvolvemento dunha política transversal de igualdade en todas as áreas sociais do concello e en todos os procesos da xestión Municipal.

Para elo, o III PIOM estableceu un total de oito ámbitos de actuación:

1. Cooperación e colaboración institucional.
2. Información, comunicación e sensibilización Institucional e á Cidadanía.
3. Formación e Emprego
4. Educación
5. Saúde
6. Cultura, Deporte e Lecer
7. Conciliación da Vida Familiar, Persoal, Profesional e Corresponsabilidade.
8. Violencia contra as mulleres.

Contemplándose para cada un destes ámbitos, as liñas de actuación e accións concretas de desenvolvemento, identificando en todas elas a poboación específica de referencia.

Conscientes da necesidade de seguir traballando para que o principio de igualdade e o dereito a vivir sen violencia, se integren como un valores fundamentais da nosa sociedade, o equipo técnico do CIM realizou os traballos de avaliación do III PIOM, e a concreción do IV PIOM 2018-2022 no concello.

Da análise da avaliación da execución do III PIOM extraéronse as seguintes conclusións:

Como puntos fortes:

- **A inversión en programas e actividades con impacto EXTERNO**, impulsadas polo Concello de Boqueixón e dirixidas á poboación, con identificación dos grupos de interese (impacto de xénero).

- **Programas dirixidos ao fomento do emprego e a diversidade ocupacional**, pensados e dirixidos á poboación en función das súas necesidades reais e por colectivos de interese (menores, parados/as de longa duración, vítimas de violencia de xénero, etc.)

- **Programas e actividades educativas**, coas que se fomentan a igualdade de xeito transversal e se fomenta a coeducación.

- **Programas vencellados ao deporte, cultura e lecer**, cos que se fomenta a relación entre a veciñanza (caracterizada pola dispersión xeográfica) e se crean espazos para a introdución da perspectiva de xénero como área transversal.

-Programas relacionados coa saúde, ademais de fomentar o coidado persoal e previr enfermidades da veciñanza, vincúlase a colectivos como as persoas coidadoras de dependentes.

-Campañas de sensibilización arredor de datas sinalas como o 8 de marzo, o 18 de outubro ou o 25 de novembro, coas que se visibilizan as problemáticas reais das mulleres no ámbito socio laboral.

Como necesidades de mellora:

-A inversión en programas e actividades con impacto INTERNO, impulsadas polo Concello de Boqueixón, e dirixidas ao seu persoal, destacándose a necesidade de establecer un programa de formación e sensibilización en materia de igualdade.

-Establecer un compromiso institucional e dotar ao Concello de normas e valores en materia de igualdade e non discriminación.

-Crear espazos de traballo colaborativo entre as distintas Concellerías e o equipo técnico do CIM.

-Establecemento de ferramentas internas de xestión administrativa, que permitan mellorar a recompilación e seguimento das actuacións que se determinen no marco do Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal (fichas de recollidas de información, estatísticas desagregadas por sexo, publicacións e comunicacións revisadas dende a perspectiva de xénero, etc.)

-A difusión dos distintos programas vencellados ao Plan de Igualdade de Oportunidades. Se ven é certo que a páxina Web representa unha boa ferramenta de traballo para a divulgación e achega das actividades, non se establece un apartado referido ao PIOM, nin se vinculan ao seu seguimento.

- O IV Plan de Igualdade de oportunidades artellarase en torno aos seguintes principios básicos de intervención:

- **Transversalidade:** Incorporación da dimensión de igualdade e a perspectiva de xénero no conxunto de políticas e actuacións municipais.
- **Sensibilización:** Impulso de medidas para que homes e mulleres tomen conciencia das situacións de desigualdade.
- **Información:** como condición fundamental para a toma de conciencia e a consecución da igualdade.
- **Formación:** Proceso continuo e permanente en tódolos ámbitos.
- **Participación:** As mulleres deben ter canles de participación nos diversos ámbitos da sociedade coa conseguinte toma de decisións nunha situación de igualdade.
- **Integración:** Impulso de liñas de acción común desde as diferentes áreas municipais mediante a incorporación de todos aqueles servizos, programas e

iniciativas dirixidos especificamente ás mulleres, á superación da discriminación por razón de sexo e á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Realidade: As diversas intervencións contempladas no Plan estarán adaptadas á realidade do municipio, segundo os recursos de que dispoña.

O fin último da elaboración e implantación deste Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal, é introducir nas actuacións e xestións do Concello o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación entre mulleres e homes, recoñecido como dereito fundamental na Constitución e na normativa de desenvolvemento estatal e autonómica.

Os obxectivos xerais do goberno municipal son os seguintes:

1. Impulsar políticas públicas transversais e de acción positiva, que contribúan a crear condicións e estruturas sociais que permitan que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva no ámbito territorial do Concello de referencia.
2. Impulsar a inclusión do principio de igualdade entre mulleres e homes de xeito transversal, nas actuacións desenvolvidas no exercicio das súas competencias polas distintas Concellarías e, sinaladamente, nos Departamentos ou organismos específicos con competencias en materia de igualdade dependentes do Concello de referencia.
3. Ofrecer ferramentas técnicas para a inclusión do enfoque de xénero no deseño e a xestión das políticas públicas municipais .
4. Implicar ás distintas Concellerías na posta en marcha das medidas concretas contempladas no Plan de Igualdade, considerando as súas áreas de competencia.
5. Servir de referente a outros Concellos, entidades e/ou empresas, en materia de igualdade de oportunidades, establecendo medidas que apoiem, impulsen e orienten o desenvolvemento efectivo das súas propias competencias en materia de igualdade.
6. Establecer mecanismos de prevención e tratamento específicos para os casos de violencia de xénero e asistencia a mulleres en risco de exclusión social.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a avaliación do III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do concello de Boqueixón, período 2013 - 2017.
2. Aprobar o IV Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do concello de Boqueixón, período 2018-2022.
3. Dar traslado deste acordo ós organismos interesados.

5.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 50.748,08 euros e serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2017:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Pedreira & Santamaria Avogadas, SCP – Minuta honorarios recurso suplicación sentenza traballador Francisco Javier León Neira	920.22799	795,00
2	CHC Energía – Consumo enerxía eléctrica Casa da Cultura de Camporrapado do 31/08/17 ó 30/09/17	165.221.00	186,90
3	CHC Energía – Consumo enerxía eléctrica Local Social de Vila do 30/08/17 ó 30/10/17	165.221.00	59,92
4	Manuel Botana Granja – Materiais para escola infantil e para servizo de obras	231.22199 1532.22199	50,18
5	Droga Conde, SA – Subministro de cloro para a ETAP de Orto	161.22199	314,60
6	Montouto Reparaciones,SL – Arranxo camión do lixo	162.1.21300	793,49
7	Compostelana de Gas 2011, SL – Cargas de gas para o pavillón e campo de fútbol do Forte	342.22102	170,25
8	Eurocontrol, SA – 1º prazo contrato inspección instalacións eléctricas	165.600.01	6.138,94
9	Compostela Digital, SL – Subministro de toner, renovación dominios e configuración ordenadores Obradoiro de Emprego	231.22199 920.22002 241.22699	672,68
10	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparacións de vehículos municipais	135.21300	159,60
11	Yolanda Carreira Bermejo – 3 comidas operarios abastecemento avaría Pumares – Sergude día 17 de outubro	161.22199	36,00
12	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparacións camión do lixo	162.1.213	156,66
12	Ferretería Torres – Materiais varios para servizo de abastecemento	161.22199	203,85
13	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de outubro	231.22799	478,8
14	La Rosaleda De La Coruña – Recollida de 3 cans abandonados	920.22799	629,20
15	Piccadilly School of English, SL – Material alumnos curso de inglés	334.22609	1.765,00
16	Piccadilly School of English, SL – Curso de inglés mes de outubro	334.22609	2.573,00
17	Darlim SLU – Material limpeza locais municipais	920.21200	948,86
18	Evelb Técnicas y sistema,SL – Deseño e restyling web concello e desenvolvemento de micro-site para elemento turístico Pico Sacro	920.220.02	2.254,34
19	Ascensores Enor, SL – Mantemento ascensor concello mes de novembro	920.21300	78,23
20	Ascensores Enor, SL – Mantemento ascensor CPI Antonio Orza mes de novembro	320.21300	78,23
21	Xardín Compostela,SL – 19 vales de prantas para padriños e madriñas das xardineiras de Boqueixón	151.21200	209,00
22	Comercial Sánchez y Torres, SC – Reparacións varias en maquinaria de servizos de parques e xardíns	171.21300	894,07
23	Xardín Compostela,SL – Subministro de materiais para mantementos xardín en piscina	171.21000	460,85
24	Liquidación de gastos relacionados co Programa Galeuropa de Pascual Villaverde	334.22699	142,63
25	Biocontrol – Custo das análises de auga anuais servizo abastecemento	161.22799	998,25
26	Ulla Oil,SL – Gasóleo A para depósitos municipais	920.2103	3.060,00
27	Fornecementos Galegos,SL – Mantemento fotocopiadoras mes de novembro	920.21300	420,63
28	Ferrecal, SA – Subministro materiais para servizo abastecemento auga	161.22199	206,00

29	Sogama, SA – Tratamento RSU mes de outubro	162.3.21200	8.415,91
30	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación escola infantil municipal mes de setembro	231.22105	238,29
31	Galicia Eventos y Ocio,SL – Servizo actividades deportivas mes de outubro	341.22609	1.996,50
32	Autocares Rías Baixas, SL – Servizo autobús excursión Cerceda	334.22300	175,00
33	UTE Fairway forum del camino de Santiago – Aluguer stand para participar en forum Camiño de Santiago	432.22602	155,83
34	Bisel Deza,SL – 2 espellos para Casa de Cultura de Camporrapado para actividade de zumba	920.22105	258,94
35	Galicia Eventos y ocio,SL – Organización campamento Cabana de Bergantiños – servizo monitores	334.22609	1.820,00
36	Galicia Eventos y ocio,SL – Clases patinaxe do Verán Activo	334.22609	372,68
		Importe	38.368,31

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
37	Vodafone – Servizo mensared do 15/09/17 ó 14/10/17	920.22200	14,54
38	Telefónica de España- Consumo teléfono mes de setembro da escola infantil municipal - 981502190	920.22200	58,18
39	Telefónica de España- Consumo teléfono mes de agosto da alarma - 981513189	920.22200	44,23
40	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de setembro	920.21600	592,22
41	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de outubro	920.21600	592,22
42	Montaxes Eléctricos Fernández,SL – Mantemento alumeadado público mes de setembro	165.210.00	3.771,17
43	Estudio Técnico Gallego,SA – Asistencia técnica urbanística mes de setembro	151.22706	1.948,54
44	Estudio Técnico Gallego,SA – Asistencia técnica urbanística mes de outubro	151.22706	1.948,54
45	Correos y Telégrafos – Servizo correos mes de setembro	920.22201	215,54
46	Correos y Telégrafos – Servizo correos mes de outubro	920.22201	329,96
47	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de maio	920.22200	30,25
48	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de xuño	920.22200	30,25
49	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de xullo	920.22200	84,20
50	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de agosto	920.22200	72,53
51	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de setembro	920.22200	64,32
52	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de outubro	920.22200	64,18
53	Dialoga,SA – Servizo de locución centraliña mes de novembro	920.22200	30,25
		Importe	9.891,12

Aprobación de facturas con cargo a subvencións

Xunta de Galicia

Obradoiro de Emprego Boqueixón – Vedra 2017

Subvención para formación e funcionamento- Anticipo achegado: 61.488,00 euros

Achega municipal: 30.000 euros

Partida: 241.226.99

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Seguros Bilbao- Seguro accidentes persoal obradoiro de emprego	241.22699	233,27
2	Lyreco – Material de oficina	241.22699	628,90
3	Innovación y Cualificación, SL - Manuais para alumnos obradoiro	241.22699	452,19
4	Innovación y Cualificación, SL - Manuais para alumnos obradoiro	241.22699	350,85
5	Area Informática – Selo automático	241.22699	19,80
6	Lyreco – Material oficina	241.22699	220,98
7	Manuel Botana Granja – Material vario para o funcionamento obradoiro	241.22699	582,66
		Importe	2.488,65

6.Licenzas urbanísticas

LICENZA MUNICIPAL DE PARCELACIÓN - 3 LOTES. EXPTE.: 201700000000561

Antecedentes:

Con data do 16/03/2017, con rexistro de entrada nº: 201700000000561, de data do 24/03/2017, por Don Santiago Alonso Barral, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº: 879, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio, a efectos de notificacións, en C/Rep. Arxentina, xxxxx (15706 – Santiago de Compostela – A Coruña), actuando en nome e representación de Don A.C.R, con DNI nº.: xxxxx; Don E.C.R, con DNI nº.: xxxxx; dona M.V.C.R., con DNI nº.: xxxxx; e dona G.L.C.C, con DNI nº.: xxxxx; segundo autorización que obra no expediente, de data do 04/03/2017, preséntase un proxecto técnico de parcelación da finca nº.: 13 do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón (A Coruña), identificada coas seguintes referencias catastrais: 15012B508000130000LE (zona rústica), e 8120901NH4482S0001TL (zona urbana).

A finca está clasificada urbanisticamente como solo urbano - ordenanza zona 4; e solo rústico de especial protección forestal, segundo o PXOM actualmente vixente.

Con data do 22/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1.- *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada*

2.- *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

3.- *Para a concesión da licenza deberase limpar e deixar expedita de vexetación e restos de muros a zona de cesión correspondente á vía municipal coa que linda polo oeste da finca matriz.*

Con data do 07/07/2017, pola alcaldía, ponse en coñecemento do solicitante da licenza, o contido do informe técnico, aos efectos do cumprimento no disposto no apartado 3.

Con data do 20/10/2017, con rexistro de entrada nº.: 201700000002339, de data do 26/10/2017, por D. Santiago Alonso Barral, xustifícase o cumprimento do apartado 3 do informe técnico, e solicítase que se outorgue a licenza municipal.

Con data do 06/11/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1.- *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada*

2.- *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Con data do 14 de novembro de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Don Santiago Alonso Barral, con DNI nº: xxxxx, en nome e representación de Don A.C.R, con DNI nº.: xxxxx; Don E.C.R, con DNI nº.: xxxxx; Doña M.V.C.R, con DNI nº.: xxxxx; e Doña G.L.C.C, con DNI nº.: xxxxx; a LICENZA MUNICIPAL, para a “parcelación en 3 lotes, da finca nº 13, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón (A Coruña), identificada coas seguintes

referencias catastrais: 15012B508000130000LE (zona rústica), e 8120901NH4482S0001TL (zona urbana), en base á documentación técnica e administrativa presentada con data do 16/03/2017, con rexistro de entrada nº: 201700000000561, de data do 24/03/2017, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

Núm. de expediente: 201700000000561

01. Promotor da licenza: *Don Santiago Alonso Barral*
02. D.N.I. do promotor: *xxxxx*
03. En nome e representación de:
 - .- *Don A.C.R.:* *xxxxx*
 - .- *Don E.C.R.:* *xxxxx*
 - .- *Doña M.V.C.R.:* *xxxxx*
 - .- *Doña G.L.C.C.:* *xxxxx*
04. Clasificación urbanística: *Solo Urbano - Solo Rústico*
05. Tipo de licenza: *Parcelación dunha finca en 3 lotes*
06. Referencia catastral da finca: *15012B508000130000LE - 8120901NH4482S0001TL*
07. Situación e emprazamento: *Forte –Boqueixón*
08. Técnico autor do proxecto: *Don Santiago Alonso Barral (enxeñeiro técnico agrícola)*

1. Parcela inicial:

1.1. – Finca nº: 13, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Boqueixón (Boqueixón - A Coruña): terreo dedicado a labradío e monte, ao sitio de “EIRA DA PORTUGUESA”, e que linda: norte, zona excluída; Sur, estrada da Susana a Ponteledesma, e edificación; Leste, F.V.C. (14), e D.V.I. (16); e Oeste, camiño. Ten unha extensión superficial de unha hectárea, noventa e catro áreas e oitenta e dúas centiáreas (**19.482 m²**);

Referencias catastrais: 15012B508000130000LE - 8120901NH4482S0001TL

Inscripción.: Tomo 1484 – Libro 112 – Folio 189 – Finca 8220

2. Parcelación – lotes resultantes:

2.1 – Lote 1:

(Parcela 13-A): Solo rústico de especial protección forestal

Superficie: 14.430 m²

Lindes:

Norte:	Zona excluída
Sur:	Zona de cesión a viales, parcela 13-B, descrita a continuación, resto da finca matriz
Leste:	F.V.C. (14), e D.V.I. (16)
Oeste:	Camiño

2.2 – Lote 2:

(Parcela 13-B): Solo Urbano. Ordenanza Zona 4

Superficie: 1.977 m²

Lindes:

Norte:	Parcela 13-A, descrita anteriormente
Sur:	Zona de cesión a viales
Leste:	Resto da finca matriz nº 13
Oeste:	Zona de cesión a viales

2.3 – Lote 3:

(Parcela 13 - resto da finca matriz): Solo Urbano. Ordenanza Zona 4

Superficie: 2.612 m²

Lindes:

Norte:	Parcela 13-A, descrita con anterioridade
Sur:	Zona de cesión a viales
Leste:	D.V.I. (16)
Oeste:	Parcela 13-B, descrita anteriormente

3. Parcelas de cesión obrigatorias: artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia

3.1 - (Parcela de cesión obrigatoria procedente da parcela 13-B)

Superficie: 433 m²

Lindes:

Norte:	Parcelas 13-A e 13-B, descritas anteriormente
Sur:	Estrada da Susana a Ponteledesma
Leste:	Zona de cesión correspondente á finca resultante nº 13, e en parte coa parcela 13-B
Oeste:	Camiño

3.2 - (Parcela de cesión obrigatoria procedente do resto da finca matriz nº 13)

Superficie: 30 m²

Lindes:

Norte:	Resto da finca matriz nº 13
Sur:	Estrada da Susana a Ponteledesma
Leste:	D.V.I. (16)
Oeste:	Zona de cesión correspondente á parcela 13-B

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido nos artigos 24.2 e 150.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 368.5, do Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia; as cesións municipais, correspondentes ó Lote 2 (**433 m²**); e Lote 3 (**30 m²**); e destinalos á ampliación dos viais públicos aos que dan fronte.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (Taxa), por importe de 184,86 € (61,62 € por cada lote resultante), e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación da TAXA:

A liquidación da Taxa por importe de **184,86 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Notificar este acordo ao interesado, no seguinte domicilio, a efectos de notificacións:

SANTIAGO ALONSO BARRAL
C/Rep. Arxentina, xxxxx
15706 – Santiago de Compostela
A Coruña

7. Altas no servizo de abastecemento / saneamento

A) ALTAS EN ABASTECIMIENTO

1-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de

Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
S.M.R. xxxxx Santiago de Compostela (A Coruña)	xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón	54,86 €	549,40 €

Polo que, a Xunta de Goberno, acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

Esta alta de abastecemento é para a execución de obra dunha vivenda, en base á licenza municipal concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar illada.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 18/10/2017, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado

2-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
M. A. L. 15881 – Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - 15881 Boqueixón	54,86 €	549,40 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para unha vivenda.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 16/10/2017, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado

3-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
D.C.N xxxxx – 15881 – Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx Boqueixón	54,86 €	549,40 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

Esta alta de abastecemento é para a execución de obra dunha vivenda, en base á licenza municipal concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 10/10/2017, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado.

B) ALTAS EN SANEAMENTO

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
D.C.N. xxxxx- 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

Esta alta de saneamento é para a execución de obra dunha vivenda, en base á licenza municipal concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar.

A dita taxa de saneamento foi efectuada polo interesado nas arcas municipais, con data do 10/10/2017, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

8.Rogos e preguntas

Non hai.

Ás 14.40 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Boqueixón, martes 21 de novembro de 2017

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín